

1 FrameLayout

1.1 Introducción

- Un `FrameLayout` é usado normalmente para situar un único `View` na pantalla.
- Se se poñen varios, a forma de determinar a súa posición faríase mediante o atributo **`android:layout_gravity`** ou a marxe.
- Se se poñen varios na mesma posición estes superpóñense.

- Referencias:

- ♦ `FrameLayout`: <http://developer.android.com/reference/android/widget/FrameLayout.html>
- ♦ `LayoutParams`: <http://developer.android.com/reference/android/widget/FrameLayout.LayoutParams.html>

1.2 Caso práctico

- Comezamos creando un novo proxecto: **U2_03_Frame**.
- A continuación cambiamos o contido do XML do layout polo seguinte:

```
<FrameLayout xmlns:android="http://schemas.android.com/apk/res/android"
    xmlns:tools="http://schemas.android.com/tools"
    android:layout_width="match_parent"
    android:layout_height="match_parent" >

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:text="@string/hello_world" />

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:layout_margin="30dp"
        android:text="Texto 1" />

    <TextView
        android:layout_width="wrap_content"
        android:layout_height="wrap_content"
        android:background="#0F0"
        android:text="Texto 2" />

</FrameLayout>
```

- Observar que o elemento Raíz é **`FrameLayout`**.
- Observar como a segunda Vista (O `TextView` Texto 1) ten unha marxe para todos os lados de 30 dp.
- Observar como a terceira Vista (`TextView` Texto 2) superponse sobre a primeira.

- A imaxe amosa o resultado do **XML** anterior.



-- Ángel D. Fernández González e Carlos Carrión Álvarez -- (2015).